

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A SOCIEDADE CONCESIONARIA NOVO HOSPITAL DE VIGO, S.A. E A ASOCIACIÓN A HORTA DO CUNQUEIRO, PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA HORTA SANITARIA SAUDABLE NO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, BASEADA NA ECONOMÍA CIRCULAR

REUNIDOS

Dunha parte: Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte: Manuel Enrique Nieto Rodiño, con DNI 35.312.358-K, en calidade de presidente da Xunta Directiva da Asociación A Horta do Cunqueiro, como representante legal da mesma segundo establece a Acta Fundacional da Asociación do 26 de novembro de 2025, e o artigo 6 e 11 dos seus Estatutos outorgados na mesma data. Actuando tamén en calidade de apoderado da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo, S.A., segundo consta na escritura pública de elevación de acordos sociais outorgada o 14 de decembro de 2021 perante o Notario de Madrid e do seu Ilustre Colexio Notarial D. Francisco Miras Ortiz, co número 6.998 do seu protocolo.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para obrigarse e subscribir o presente Convenio e

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o artigo 33.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, prevé que lle corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

Que o apartado cuarto do devandito artigo dispón que a Comunidade Autónoma poderá organizar e administrar a tales fins e dentro do seu territorio todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de Sanidade e Seguridade Social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ao cumprimento das función e competencias contidas neste artigo.

SEGUNDO.- Que o artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que para o axeitado desenvolvemento das competencias, que, no ámbito sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

TERCEIRO.- Que a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, en uso da competencia delegada polo Decreto 311/2009, do 28 de maio e a Orde do 15/06/2009, formalizou o 21/02/2011 un contrato coa Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo (en adiante SCNHV).

Este contrato ten por obxecto a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, por un importe anual máximo de 56.333.270,24 € constantes (sen IVE), durante un período de explotación de 20 anos.

CUARTO.- Que ao abeiro do referido contrato, procedeuse a construción do Hospital Álvaro Cunqueiro (en adiante HAC), cuxos servizos non clínicos son obxecto de xestión pola SCNHV ata a finalización do contrato de concesión.

Dito hospital conta cun espazo habilitado no xardín da cuberta exterior da planta cero, apto para a instalación dunha **"HORTA BIOSAUDABLE"** de carácter sanitario, destinada á promoción da saúde, a inclusión social e a educación ambiental.



QUINTO.- Que ambas partes coinciden no interese común de desenvolver esta iniciativa no marco da responsabilidade social e ambiental, sen que supoña ningún incremento do gasto público por parte da Administración, sendo este gasto xestionado pola Asociación e, en calquera caso, avalado pola SCNHV ata o fin da duración do presente Convenio e, se é o caso, da súa prórroga, polo compromiso que asume dita sociedade de investir parte dos seus beneficios en accións de impacto social e medioambiental.

SEXTO.- Que con esta finalidade a SCNHV, o 26 de novembro de 2025, procedeu á constitución, xunto con representación da Área Sanitaria de Vigo, da Asociación denominada: A Horta do Cunqueiro (en adiante a Asociación), con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

A Asociación, establece o seu domicilio social no Hospital Álvaro Cunqueiro, Estrada Clara Campoamor, nº 341, C.P. 36.312, Vigo (artigo 5 dos estatutos)

Esta Asociación, sen ánimo de lucro, ten vocación de permanencia e constitúese, polo tanto, por tempo indefinido con fins solidarios, socio-sanitarios, formativo-educativos, ambientais e lúdicos, de conformidade cós seu estatutos sociais (artigo 2º dos estatutos e punto 2º da Acta fundacional).

Para o cumprimento destes fins, a Asociación, poderá desenvolver, entre outras, as seguintes actividades (artigo 4º dos estatutos):

- *VERTENTE SOLIDARIA: Actividades corporativas, integración social activa fronte á pobreza e a inxustiza social.*
- *VERTENTE SOCIAL: Este espazo pretende ser un punto de encontro social, potenciando o sector primario con fortalezas como educación en valores ambientais e agroecolóxicos, motivando o consumo RSE (responsable, sustentable e ecolóxico).*
- *VERTENTE TERAPÉUTICA: Implicando á poboación no mundo da saúde, á vez que implementa bos hábitos alimenticios, que contribúen o benestar e na saúde do maña.*

En virtude do anterior, as partes asinan o presente Convenio de colaboración co fin de levar a cabo o proxecto sinalado no parágrafo anterior, que se rexerá polas seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.– OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste Convenio regular a posta en marcha e funcionamento da horta biosaudable do Hospital Álvaro Cunqueiro, así como os compromisos das partes que garantan que o desenvolvemento do proxecto se realice en condicións óptimas de seguridade técnica e xurídica, e que as actividades vinculadas a este teñan unha repercusión positiva sobre a comunidade hospitalaria e o entorno social ao que se dirixe.

A horta sitúase nun entorno de 1000 m² de área verde na Planta 0 do Hospital con 14 bancais de cultivo de 1x10 metros distribuídos de forma modular e funcional, adaptados á diversidade de usuarios, incluíndo persoas con certos problemas de mobilidade. Conta ademais con:

- ① **Invernadoiro e zonas de sombra de 40 m²**, que permitirán a produción durante todo o ano e a realización de actividades ao aire libre protexidas das condicións meteorolóxicas.
- ① **Casetas e espazos de almacenaxe** de 6 m² para ferramentas, substratos e produtos de mantemento.
- ① **Zonas de compostaxe e reciclaxe**, formada por 6 módulos, integradas na filosofía de economía circular, para xestionar residuos orgánicos xerados nas propias instalacións do hospital.
- ① **Espazo seco de materiais** de aproximadamente 18 m², destinado a actividades complementarias como sementeiros, almacenamento de *mulch* ou materiais de acolchado.
- ① **Elementos sensoriais e decorativos** que favorecerán a interacción emocional e cognitiva dos usuarios, especialmente en contextos de terapia ocupacional e saúde mental. Fomentando as herbas medicinais e flores.

A superficie total estará organizada coidadosamente para facilitar tanto o mantemento como a participación activa de pacientes, persoal hospitalario e colaboradores externos, co obxectivo de xerar beneficios en saúde física, emocional e social, reducindo o estrés e favorecendo o vínculo coa natureza nun entorno clínico.



SEGUNDA.- COMPROMISOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Posta a disposición da Asociación do espazo sito na planta 0 do Hospital Álvaro Cunqueiro, destinado a albergar a horta, segundo a cláusula anterior.
- Colaborar coa Asociación na definición dos colectivos de pacientes que poidan acceder como visitantes ou voluntarios a dito espazo.
- Elaborar coa colaboración da Asociación, un Plan de Comunicación integral e consensuado, que terá como obxectivo principal dar visibilidade e divulgar a iniciativa da horta biosaudable.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN

1) Organizar o acceso e uso deste espazo, que poderá revestir unha das seguintes modalidades:

Visitas:

- Libres: abertas ao público en xeral, en horario de 11.00 horas a 18.00 horas todos os días, sen custo para as persoas que o desexen.
- Guiadas: con vocación didáctica e pensadas para acoller grupos, tales como visitas de centros educativos, asociacións veciñais, de maiores, etc. Para isto, será necesaria a previa solicitude na que se indique a data da visita, horario, número de participantes e responsable destes.

Actividades participativas:

Pensadas para implicar no proxecto a diversos colectivos como son:

- Voluntarios, previa inscrición a través dun formulario normalizado para estes efectos.
- Colaboradores, aquelas persoas que desexen colaborar mediante a realización de achegas económicas para o sostemento da actividade obxecto deste Convenio, ademais de poder colaborar como voluntarios no coidado do espazo da horta ou nos diferentes cursos e talleres que se impartan.



Actividades formativas:

- Cursos de xardinería e horticultura, co obxecto de achegar ás persoas interesadas información, técnicas ou cuidados de plantas e hortalizas, previa inscrición a través do amentado formulario.

Participación da parte asistencial:

- A participación das persoas usuarias ou pacientes da Area Sanitaria de Vigo nas actividades desenvolvidas neste espazo realizarase de conformidade cun protocolo previamente acordado co/a Xefe/a de Servizo ou Responsable Sanitario correspondente, garantindo en todo momento o respecto ás condicións clínicas, terapéuticas e de seguridade que resulten de aplicación.

2) Asumir a responsabilidade ante calquera sinistro que poida acontecer ou afectar aos seus visitantes, derivado do acceso a horta. Os danos estarán cubertos polas diferentes pólizas de seguros formalizadas pola SCNHV na instalación, formando parte intrínseca do global desta.

3) Asumir os labores de mantemento da horta que se levará a cabo a través do persoal referido na cláusula seguinte.

4) Determinar e xestionar o destino dos produtos obtidos na horta, que serán doados a organizacións sociais e entidades solidarias que colaboren na atención a familias en situación de vulnerabilidade da cidade de Vigo. Os mesmos produtos hortícolas ou florais poderanse utilizar dentro do ámbito do propio hospital, como elementos decorativos e/ou en eventos sociais e/ou benéficos, sempre en fins sen ánimo de lucro.

CUARTA.– COMPROMISOS ECONÓMICOS

Que a iniciativa, que non implica ningún desembolso económico por parte do Servizo Galego de Saúde, será financiada totalmente pola Asociación mediante:

- Achegas da SCNHV que se ingresarán na conta corrente bancaria aberta a nome da Asociación,
- As cotas ordinarias ou extraordinarias que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral da Asociación,



- As subvencións e axudas públicas que se poidan obter por esta actividade,
- Achegas externas de patrocinadores,
- Iniciativas de reciclaxe, eventos de recollida de fondos solidarios e outras colaboracións voluntarias de outras administración que poidan concretarse ao longo da vixencia do presente Convenio.

En todo caso a SCNHV avala e comprométese a asumir todos os custes derivados da posta en marcha, mantemento e funcionamento deste proxecto, durante o tempo de vixencia do Convenio.

Que o persoal encargado do mantemento da horta será contratado pola Asociación, á empresa que, en cada momento, no marco do contrato concesional, sexa responsable do Servizo non clínico de Conservación de Viais e Xardíns.

O devandito persoal realizará todos os traballos e labores agrarias propias dunha horta e tamén deberán prestar unha misión formadora e aglutinadora dos visitantes ao espazo. Os traballos de mantemento na horta seguirán os máximos estándares de calidade esixibles nestes espazos aínda que estes non formarán parte do perímetro concesional.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Que, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 49. f) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico das Administración Públicas, constituirase unha Comisión que terá por finalidade efectuar o seguimento, a vixilancia e control da execución do amentado Convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Esta Comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento do Convenio.

A Comisión de Seguimento do Convenio estará composta por:

- O director da Asociación ou persoa en quen delegue.
- Incluír aquí tamén ao Presidente da Sociedade Concesionaria ou persoa en quen delegue.
- O xerente da Área Sanitaria de Vigo ou persoa en quen delegue.



- Subdirector de Humanización e Atención á Cidadanía da Área Sanitaria de Vigo ou persoa en quen delegue.

Esta Comisión reunirse a iniciativa de calquera dos seus membros, e polo menos con carácter semestral.

SEXTA.- EFICACIA, VIXENCIA E PRÓRROGA

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e estará vixente por un período de catro anos, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes ata un máximo de catro anos adicionais.

Calquera das partes poderá denunciar o presente Convenio en calquera momento, mediante notificación escrita fidedigna dirixida á outra parte cunha antelación mínima de tres meses á data en que se pretenda dalo por finalizado.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Así mesmo, o presente Convenio poderá ser modificado por acordo expreso e escrito das partes asinantes, mediante a subscripción do correspondente documento de modificación, que deberá observar os mesmos requisitos e procedementos que rexen para a súa formalización inicial.

OITAVA.- EXTINCIÓN

O presente Convenio extinguirase consonte o establecido no art. 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público por algunha das seguintes causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a prórroga deste, ou o transcurso do prazo de vixencia da prórroga, cando esta se acordase.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos



asinantes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

O cumprimento ou a resolución do Convenio darán lugar á liquidación deste, co obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das Partes nos termos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Non obstante o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do Convenio existen actuacións en curso de execución, as Partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización daquelas que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no parágrafo anterior.

En caso de finalización anticipada do presente Convenio, a SCNHV como entidade concesionaria comprométese a revertir os espazos cedidos para a instalación da Horta, con tódolos seus elementos en perfecto estado de conservación, en réxime de titularidade ó Servizo Galego de Saúde, sen contraprestación algunha por parte deste último.

NOVENA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICCIÓN

O presente Convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, conforme ao disposto no seu artigo 6.

Rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, na súa falta, polo previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en materia de convenios.

As dúbidas que se poidan expor sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes. Con todo, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e



cumprimento.

Que as actuacións previstas no presente Convenio estarán suxeitas ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de sanidade, seguridade, protección ambiental e prevención de riscos laborais, así como aos principios de transparencia, colaboración institucional e eficiencia no uso dos recursos públicos e privados.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de concluída a presente colaboración.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TRANSPARENCIA E REXISTRO DE CONVENIOS

A sinatura deste Convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Presidente do Servizo Galego de Saúde

Pola Sociedade Concesionaria Novo Hospital
de Vigo, SA e da Asociación a Horta do
Cunqueiro

Antonio Gómez Caamaño

Manuel Enrique Nieto Rodiño

